

PRESENTACIÓN

Unha ano máis, a Deputación da Coruña participa na edición dun novo volume da revista QUINTANA, unha publicación científica de referencia para a difusión dos traballos de investigación que desenvolve o Departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela.

Neste número 15, a revista QUINTANA preséntase co tema "Utopías e soños nas artes", recompilando as achegas dos mellores especialistas que profundizan desde ópticas moi diversas en cuestións que abranguen un amplo abano cronolóxico.

Investigacións realizadas a ambos lados do Atlántico permítennos coñecer as tendencias filosóficas, artísticas, políticas e culturais que definiron o ideal de cidade e de sociedade ao longo da historia. Desde a configuración das grandes avenidas parisinas ata a arquitectura moderna uruguiaia, os artigos que conforman este volume conservan o carácter aberto, interdisciplinar, cosmopolita e intercultural que caracteriza a QUINTANA desde os seus inicios.

Esta revista tamén cumpre un gran papel dando a coñecer a gran vitalidade profesional e as boas relacións que mantén a Universidade coa comunidade universitaria internacional. Un gran valor tanto para os investigadores, coma para os docentes e o alumnado, xa que isto axuda a enriquecer e contrastar criterios e opinións, a facer ver puntos de vista metodolóxicos e historiográficos distintos e á vez complementarios.

Por todo isto, unha vez máis é unha verdadeira satisfacción para a Deputación Provincial da Coruña consolidar o compromiso de apoio cunha revista que hoxe en día é xa un referente indiscutible no mundo universitario e investigador do ámbito español, e que, pouco a pouco, está a acadar importantes recoñecementos e valoracións internacionais. Agardamos que, baixo a experta dirección do catedrático Alfredo Vigo Trasancos, a revista QUINTANA continúe polo tanto a medrar e afondar no seu compromiso coa investigación en historia da arte que se fai en Galicia e fóra de Galicia.

Valentín González Formoso
Presidente da Deputación da Coruña